

# AS COUSAS DA NOSA ESCOLA



*Carlos Casares*

*1941-2002*

17 de maio de 2017

# Día das Letras Galegas

Nº 12

# Sumario

**SUMARIO**

**EDITORIAL**

**AS NOSAS FESTAS**

**DÍA DAS LETRAS GALEGAS**

**COLABORACIÓN**

**EDUCACIÓN INFANTIL 3 ANOS**

**EDUCACIÓN INFANTIL 4/5 ANOS**

**1º DE PRIMARIA**

**2º DE PRIMARIA**

**3º DE PRIMARIA**

**4º DE PRIMARIA**

**5º DE PRIMARIA**

**6º DE PRIMARIA**

**ACTIVIDADES CULTURAIS**

**ACTIVIDADES DE BIBLIOTECA**

**CONCURSO DE NARRACIÓN BREVES**

**VIAXE A BARCELONA**

**ACTIVIDADES DEPORTIVAS**

**ORLA DE GRUPO**

# Editorial

Un dos aspectos importantes que implica directamente ás familias e ao colexio, no seu devenir diario, son os tan polémicos deberes, aspecto sobre o que me gustaría aportar o meu parecer ao respecto que, por outra banda, non deixa de ser máis cunha meditada e discutible reflexión persoal baseada na miña experiencia.

Parto da base de que teño claro que os deberes son necesarios para afianzar as materias que se explican en clase tendo sempre presente que deben ser proporcionados ás idades e necesidades do alumnado, sendo precisa, polo tanto, unha axeitada coordinación dos equipos docentes e, por suposto, aplicar o sentido común.

Considero que os deberes axudan a crear hábitos de traballo e estimulan a aprendizaxe, pero tamén deben permitir que o alumno dispoña de tempo libre para descansar e para realizar actividades familiares, culturais, deportivas...

Non podemos esquecer que os nenos deben facerse cargo das súas responsabilidades dado que isto os axudará a que cada vez se sintan máis autónomos e con máis confianza en si mesmos. Por iso, cando me preguntan se os pais deben facer os deberes cos seus fillos, a resposta é non. O verdadeiro sentido destas tarefas é que non haxa intervención dos pais para que se convirtn nunha retroalimentación entre o alumno e o mestre. Sabemos que a intención dos pais é boa, pero o resultado non o é. O mestre sabe que as tarefas están adaptadas aos coñecementos da aula e non terían por que ter dificultade xa que supoñen unha extensión do contido da clase, que é preciso reforzar.

É importante que o rol dos pais sexa de axuda, sentarse co neno antes de que empece a facer os deberes para planificalos con el. Pero ahí é onde deben pasar a un segundo plano. Non se trata de facer os deberes con eles senón que eles fagan os deberes sos e os pais estén como soporte e axuda para cando sexa preciso. É convinte que se poda dar axuda pero non resposta, que os ensinemos a pensar, a organizarse, a ser responsables e a adquirir os coñecementos que se planifican na escola para cada idade.

Debemos deixar que os alumnos se responsabilicen do seu traballo. Isto non significa falta de interese xa que podemos axudalos de moitas formas, por exemplo: preguntándolles sobre os exercicios que están a facer, decíndolles que lean en voz alta sobre o que están a aprender, preguntándolles a lección unha vez que a estudaron...

Nunca deberíamos de axudarlles a facer os deberes dun xeito directo pero sí poderíamos solventar calquera dúbida. Os deberes deben facelos pola súa conta e se teñen erros deberá ser o mestre quen os solvente porque de non ser así estaríamos dando unha idea falseada das capacidades dos nosos fillos, confundir ao mestre e solapar certos aspectos que o mestre debe coñecer para poder axudalos.

Os deberes como reforzo ou terminación de tarefas non rematadas na aula, son precisos para que todo o grupo siga o ritmo marcado, aspecto no que a vosa axuda, desde ese segundo plano, é esencial para nós.

Un dos ingredientes fundamentais para acadar o éxito no colexio é unha relación positiva entre pais e fillos e unha relación cordial e afable entre os pais e os mestres.

O colexio é unha parte importante para os nenos e estes deben observar que existe unha verdadeira empatía entre as súas familias e os seus docentes. Aínda que existan puntos de discrepancia, nunca ante os nosos fillos deberíamos de cuestionar a labor de ningún docente como ningún docente cuestiona a labor dunha familia; porque nestas idades, tanto os pais como os mestres, son piares básicos no crecemento afectivo dos nenos e, como tales, deben transmitirles confianza en lugar de inseguridades e recelos.

O mesmo que a base dunha boa alimentación require dunha dieta variada e equilibrada, a base dunha boa formación require de docentes variopintos e diferentes pero todos esenciais para acadar un bo crecemento académico e persoal do alumnado, pois esa diversidade é o que van a atopar ao longo da súas vidas.

Recordemos que estamos todos no mesmo barco e temos unha misión común: a formación integral dos nenos, na que o tándem familia/escola somos elementos imprescindibles.

A clave radica en que aunemos esforzos e tiremos todos da corda na mesma dirección.

*O director*

*Rafael Rodríguez Martín*



# AS NOSAS FESTAS




## Festa do Outono

O día 1 de novembro celebramos a Festa do Outono, na que festexamos conxuntamente o Magosto e o Halloween. Nos vos perdades a cara de medo que teñen os cativos do terrorífico Celso Emilio Ferreiro.











# O Nadal

# 2016

Este Festival de Nadal foi moi especial. Pasámolo xenial. Houbo música, contos, teatro e algún que outro bailongo. Os nenos da Silva nunca o esquecerán!









# Día da Paz

O 30 de novembro conmemoramos o Día da Paz e a Non Violencia. A verdade é que fixemos entre todos un mural moi bonito coa frase "A Paz está nas nosas mans". E que mellor que poñer as nosas mans pintadas na parede con mensaxes de paz! A continuación tiveron lugar os clásicos xogos cooperativos por equipos.







# *Dia da Amizade*



# O Entroido

O 15 de febreiro tivemos unha degustación de postres típicos de entroido doados polas familias. O día 17 celebramos o desfile de disfraces, que este ano tratou de "AS SETE MARAVILLAS DO MUNDO MODERNO".










# *Día das Letras Galegas*

O 12 de maio celebramos o Festival das Letras Galegas. Este ano, homenaxeouse ao escritor Carlos Casares.







# Colaboraciones

## Educación Infantil 3 años

GRANDES INTRES COAS FAMILIAS

### TALLER DE COCIÑA CON LOLI



**TALLERES DE PASTA FLEXIBLE : VANESA , VERÓNICA , SANDRA**

**E LOLI**



**LECTURA DO CONTO " A QUE SABE A LÚA ?" CON VERÓNICA**



**VISITA " MOI MUSICAL " CON SUSO**





**E CHEGOU SUSO " O GRANXEIRO "**



# Educación Infantil 4 e 5 anos



DURANTE O 1º TRIMESTRE OS MENOS E NENAS DA

AULA DE 4 E 5 ANOS

ESTIVEMOS INVESTIGANDO,

CHINA

APRENDENDO E ELABORANDO MOITAS COUSAS SOBRE

A CONTINUAÇÃO... MOSTRÁMOSVOS ALGUNHAS DELAS:

CHINA É UN PAÍS DO CONTINENTE ASIÁTICO QUE TEN FORMA DE GALO :



CON ESTE TRUCO SEMPRE ATOPAMOS CHINA... ERES CAPAZ DE ENCONTRALO TI NESTE MAPAMUNDI?

A CAPITAL DE CHINA CHÁMASE

PEQUIM.

BANDEIRA



BAMBU

MOEDAS E BILHETES



RENMINBIS

# ANIMAIS:



OSO  
PANDA



PERUPNÉS



TIGRE  
BRANCO

# XO GOS:



PIMPON



Mi KADO



TANGRAM



OS CHINESES SOEN TER UNHAS CASAS GRANDES, NAS QUE VIVEN VARIAS XERACIÓNS DE FAMILIAS E ÁS QUE LLES


CHAMAN **PAGODAS**.

EN CHINA ATÓPASE UNHA DAS 7 MARABILLAS DO MUNDO

MODERNO: A **MURALLA CHINESA**. CALCÚLASE QUE

TEN SOBRE **27 000** KM DE LONGO. MIDE DE MEDIA DE

**6 A 7** METROS DE ALTO, E DE **4 A 5** METROS DE ANCHO.



NO CONTO DE **BULLECHI**\* O NACEMENTO DO DRAGÓN\*

DESCUBRIMOS A HISTORIA DUN **DRAGÓN** E DE COMO CONSEGUIU A PAZ.



DECORAMOS A PORTA DA NOSA AULA CUN DRAGÓN  
 QUE LANZABA LUME POLA BOCA...  
 E FIXEMOS UNS DRAGÓN S PARA LEVAR PARA CASA:



NO NADAL PREPARAMOS UNS FAROIS  
 CHINESES

E DURANTE A PRIMAVERA UNHAS

ÁRBORES CHINESES



COMIDA TÍPICA:



ARROZ  
 3 DELICIAS



ROLLITOS DE  
 PRIMAVERA



SOPA DE ALETA  
 DE TIBURÓN

TAMÉN COMEMOS CON

PALILLOS

, E PROBAMOS

ASÍ UNHA AUTÉNTICA

MERENDA CHINESA:



EN CHINA ESCRÍBESE CON

CARACTERES DENDE ARRIBA

ATA

ABAIXO

. PODES UNIR AS NOSAS FOTOS COS NOSOS NOMES? É MOI SINXELO!!!



GONZALO NOA SIMÓN GABRIELA TAUP

PATRICIA ROÍ DAYAN DAPSO GAIEL

Antía Simón Héctor Andrea Daniela



DEICA LOGO  
ZÀI JIÀN  
再见

# Primeiro de Primaria

## PINTAMOS COMA ANDY WARHOL

Sabedes quen é Andy Warhol? Foi un artista plástico estadounidense. Dedicouse á impresión, ao cine, á fotografía e á pintura.



Foi o creador do **POP ART**.

Unha das súas frases máis coñecidas foi: " **no futuro todo o mundo será famoso durante 15 minutos**"

Neste traballo, somos nós os famosos, aínda que só sexa, como di Warhol, durante 15 minutos. Para iso, pintámonos a nós mesmos imitando un dos seus cadros máis famosos, no que inmortalizou á famosa actriz Marilyn Monroe.



Iredes vendo tamén, algunhas obras máis deste artista.












# Segundo de Primaria


## XEROGLIFICOS



Nome  
de  
nena



Nome de nena




Nome  
de  
neno

Nome de neno



Nome de neno



Nome de nena



Nome de nena

# ADIVIÑA

Son amarelos por dentro  
teño duro o cascarón,  
póñeme nunha cesta  
e alimento un montón.



Melocotón



Pataca



ovo

# ADIVIÑANZA

Que alimento será  
o que levan nunha cesta,  
e que din que está máis fresco,  
canto máis quente está?

Son branca como a neve  
e doce como o mel.  
Eu alegro os pasteis  
e o leite con café.  
Quen son?



Leite



Banana



Leure



Chourisa



pan



pera

Unha caixa pequena

Branca como o cal  
Todos o saben abrir  
Ninguen o sabe pechar.



tortilla



ovo



pera








## Os meses do ano

Xa non xaneira, o mes primeiro  
de trás febreiro o máis pequeno  
con marzo a primavera xer mala  
e en abril a chuvia molla.  
Por maio floreceu a xesta,  
por xuño san Xoán abraia,  
en xullo xa aperta o sol  
e en agosto xogamos na praia  
setembro, como saben as uvas!  
en outubro a folia a caer está  
en novembro san Martiño asoma  
e en decembro volta a empezar.

RINCÓN

DA

POESÍA

Polas rúas de Tulús  
polas rúas de Tulús  
vai un vello en autobús.   
Polas rúas de Pequín  
vai un vello nun patín   
Polas rúas de Sevilla  
vai un vello nunha silla   
Polas rúas de Damasco   
vai un vello nun carrasco   
Polas rúas de Almería  
vai un vello nun tranvía   
Polas rúas de Padrón  
vai un vello en avión. 

O meu gato é un poeta  
e escribe porque lle peta



## Gato don Honorato

Gato don Honorato,  
en cada pé o seu zapato  
e o teu rabo para atrás,  
que guapo estás!

Gato don Honorato  
arriba orellas  
e abaixo os pés,  
que guapo es!

Gato don Honorato  
negro gabán  
con lapela de seda,  
que envesca das!

Gato don Honorato  
medio marqués  
con gafas e reloxo  
que sorte téis!



# APRENDAMOS JUGANDO



# CON LAS TABLAS DE MULTIPLICAR



TABLA DEL 2		TABLA DEL 3		TABLA DEL 4		TABLA DEL 5	
2x1 = 2	2x6 = 12	3x1 = 3	3x6 = 18	4x1 = 4	4x6 = 24	5x1 = 5	5x6 = 30
2x2 = 4	2x7 = 14	3x2 = 6	3x7 = 21	4x2 = 8	4x7 = 28	5x2 = 10	5x7 = 35
2x3 = 6	2x8 = 16	3x3 = 9	3x8 = 24	4x3 = 12	4x8 = 32	5x3 = 15	5x8 = 40
2x4 = 8	2x9 = 18	3x4 = 12	3x9 = 27	4x4 = 16	4x9 = 36	5x4 = 20	5x9 = 45
2x5 = 10	2x10 = 20	3x5 = 15	3x10 = 30	4x5 = 20	4x10 = 40	5x5 = 25	5x10 = 50

TABLA DEL 6		TABLA DEL 7		TABLA DEL 8		TABLA DEL 9	
6x1 = 6	6x6 = 36	7x1 = 7	7x6 = 42	8x1 = 8	8x6 = 48	9x1 = 9	9x6 = 54
6x2 = 12	6x7 = 42	7x2 = 14	7x7 = 49	8x2 = 16	8x7 = 56	9x2 = 18	9x7 = 63
6x3 = 18	6x8 = 48	7x3 = 21	7x8 = 56	8x3 = 24	8x8 = 64	9x3 = 27	9x8 = 72
6x4 = 24	6x9 = 54	7x4 = 28	7x9 = 63	8x4 = 32	8x9 = 72	9x4 = 36	9x9 = 81
6x5 = 30	6x10 = 60	7x5 = 35	7x10 = 70	8x5 = 40	8x10 = 80	9x5 = 45	9x10 = 90



# Terceiro de Primaria

BUSCA OS NÓSOS NOMES



ANTÍA  
CELIA  
CARLA  
ROMEO  
BRAIS

FRANCISCO  
ALBA  
YAGO  
MARTÍN

BUSCA OS NÓSOS APELIDOS



GOLÁN  
VARELA  
GONZÁLEZ  
DUBRA  
SANTOS

LEIS  
FUENTES  
LÓPEZ  
PALLAS  
FRAGA

DOMÍNGUEZ  
GARCÍA

# Cuarto de Primaria

Este año, os nenos de 4º de Primaria aprendemos moitas cousas sobre a India. Algo que nos chamou a atención foi a cantidade de contos, mitos e lendas antigas que ten a cultura hindú. Ademais, sempre intentan ensinarnos algo. **A ver que vos parece esta!**



## NASRUDÍN EN LA INDIA



Un día, Nulla Nasrudín visitó la India. Llegó a Calcuta y comenzó a pasear por una de sus abigarradas calles. De repente vio a un hombre que estaba en cuclillas vendiendo lo que Nasrudín creyó que eran dulces, aunque en realidad se trataba de chiles picantes. Nasrudín era muy goloso y compró una gran cantidad de los supuestos dulces, dispuesto a darse un gran atracón.

Estaba muy contento, se sentó en un parque y comenzó a comer chiles. Nada más morder el primero de los chiles sintió fuego en el paladar. Eran tan picantes aquellos "dulces" que se le puso roja la punta de la nariz y comenzó a saltar lágrimas hasta los pies. No obstante, Nasrudín continuaba llevándose sin parar los chiles a la boca.

Estornudaba, lloraba, hacía muecas de malestar, pero seguía devorando los chiles. Asombrado, un paseante se aproximó a él y le dijo:

-Amigo, ¿no sabe que los chiles sólo se comen en pequeñas cantidades?

Casi sin poder hablar, Nasrudín comentó:

-Buen hombre, créeme, yo pensaba que estaba comprando dulces. Pero Nasrudín seguía comiendo chiles. El paseante dijo:

-Bueno, está bien, pero ahora ya sabes que no son dulces. ¿Por qué sigues comiéndolos?

Entre toses y sollozos, Nasrudín dijo:


-Ya que he invertido en ellos mi dinero, no los voy a tirar







EL MAESTRO DICE: No seas como Nasrudin. Toma lo mejor para tu evolución interior y arroja lo innecesario o pernicioso, aunque hayas invertido años en ello.



# Quinto de Primaria

## AS 8 DIFERENZAS

Entre estas dúas fotos dos personaxes de *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*


(Carlos Casares) pódense atopar 8 diferenzas. Xa viches algunha?



# ENCrucILLADO

## AS 7 MARABILLAS DO MUNDO MODERNO

Que sabes das 7 Marabillas do Mundo Moderno?



### Horizontal



2. O Coliseo de Roma é un exemplo deste tipo de construción.
4. Nome do cerro en cuxo cume podemos ver o Cristo Redentor.
5. Antigo poboado andino de Perú.
6. Deus que preside Chichén Itzá.
7. País onde se atopa Petra.

### Vertical

1. Fortificación de máis de 20.000 kilómetros de longo.
3. Cidade onde podemos visitar o Taj Mahal.

# LABIRINTO

Axuda aos nenos e nenas de 5º a atopar o camiño para chegar ao Tesouro de Petra!



# Sexto de Primaria

## A AMIZADE

Este ano o noso centro de interés durante todo este curso foron as "Sete Marabillas do Mundo Moderno"

Ao alumnado de sexto tocounos traballar sobre "O Cristo Redentor" de Río de Janeiro.

Decoramos a nosa porta con imaxes de Brasil , do Amazonas, do Cristo Redentor ,e das diferentes tribus indíxenas que moran na súas beiras.

Pero entre toda a información que manexamos nos quedamos con dúas palabras claves para nós durante este curso: Os Zoe's e a amizade.

Pensamos que estas dúas palabras resumen ben todo o que fixemos.

A medida que íamos afondando na cultura brasileira máis ganas tiñamos de aprender unha canción na súa lingua e averiguar como eran quen de vivir tribus ancladas no neolítico nos nosos días.

Foi unha viaxe alucinante a que fixemos a medida que afondabamos na súa cultura, os seus costumes e as súas tradicións; tanto que para o entroido todos fomos disfrazados de Zoe's e achegamos un pouco a súa cultura ao resto dos compañeiros. (Incluído o pao chamado "puturú" que poñen todos os zoe's ao chegar aso 6 anos de idade)

A canción foi un agasallo que nos fixo internet. Adabamos na procura dunha canción para poder facer no entroido pero non queriamos algo moi visto, nin demasiado festeiro. Queriamos algo que afondara no sentir do pobo brasileiro e algo bonito e sinxelo de cantar para nós na lingua de Río de Janeiro e do resto do país.

A canción fala dun sentimento universal, necesario para a humanidade e moi difícil de acadar. o verdadeiro amigo ou amiga non se consegue facilmente.

"É unha canción que fala de nós"

"É unha canción que fala da empatía"

"É unha canción que fala de medrar separados e pensar no amigo xa sendo maior"

"A amizade é a cousa máis marabillosa do mundo"...

"Está feita para expresar amor e amizade a un amigo da infancia"





A clase de sexto de primaria agradece o ter pasado un ano tan cheo de proxectos e aventuras xuntos.

Moitas grazas por todo este tempo no cole!

# *Actividades Culturais*

## *Acorde de ilusión*

### *"Espectáculo de maxia e música"*



# Historia de música "Gallaeciños"

O 22 de novembro, o alumnado de Primaria asistiu a un espectáculo musical para conmemorar o "DÍA DA MÚSICA. Moito aprendemos sobre o Jazz, e a Gallaecia Big Band foi IMPRESIONANTE!!!



**JAZZ**



*Jazz*





# Asociación Alumiños

## "Actividades con animais"

As asociacións Alumiños e Cadelar amosáronnos o 25 de Xaneiro como é posible facer terapia con animais. Nesta ocasión, coñecemos unha cadelinha moi chula e boña chamada Nuba.



# Visita a Sogama

O 27 de Xaneiro visitamos o Complexo Medioambiental SOGAMA. Aínda que non é a primeira vez que imos, nunca deixan de sorprendernos con cousas novas.



# Concerto e Aquarium

O 13 de febreiro fomos de visita a Coruña. Visitámolo Teatro Colón e vimos a "Fruta Máxica" de Mozart. Que chulada de ópera! Logo achegámonos ata o Aquarium e quedamos abraiados coa cantidade de peixes que había. Algún saíu de alí con medo logo de ver o tiburón.



# Visita ao Cifp de Someso

O 3 de Marzo o alumnado de 5º e 6º visitou o Centro Integrado de Formación Profesional de Someso. Aprendemos moito e ao rematar a visita, regaláronnos unhas mochilas moi chulas.



# Encontro con María Canosa

O 18 de maio fomos ao Auditorio de Cerceda para participar nun encontro coa escritora galega María Canosa. O certo é que era moi simpática. O mellor foi o paraugas que lle regalamos.



# Excursión a Muiño de Pedrouso

O 13 de xuño todo o colexio fomos de excursión a Área Natural Muiño de Pedrouso, en Narón. Fixemos marmelada de kiwi, pulseiras...





# Actividades de Biblioteca

## día do libro

### Decoración das portas



## CONTACONTOS



## LECTURAS APADRIÑADAS



## ACTIVIDADES DE BIBLIOTECA

No presente curso a través do noso proxecto de biblioteca sobre "As sete maravillas do mundo moderno" os nenos e nenas deste colexio desenvolvimos unha morea de actividades que non queremos deixar de compartir nesta nova edición do noso xornal escolar, para que quede constancia de todo o que traballamos e do ben que o pasamos aprendendo. Deste xeito poderemos recordar no futuro as nosas experiencias.

# MAPA MUNDI



# RECUNCHO DE LECTURA



# BUZON DE NARRACIONES BREVES



# obradoiro de creación literaria



# Concurso de Narracións breves

Este ano organizamos o noso primeiro Concurso de Narracións Breves en lingua galega. Pero non era un concurso calquera, pois había que escribir un conto con alguén da túa familia: mamá, papá, irmáns, avós... o can non valía. **Noraboa aos gañadores!**

## Infantil

### O DRAGÓN E A RAIÑA

Nun día de verán, a raíña Sofía, saíu do castelo, para xogar ó escondite, cos seus amigos.

Vivían nunha illa, na que había moitos recunchos para agocharse... e comezaron o xogo.

Atoparon unha cova para esconderse. Estaba moi escura, no fondo oíron un ruído, amodo acercáronse e viron un dragón que choraba, non se podía mover, porque tiña unha cadea no nocello.

O dragón díxolles:

- *Non vos fago dano, só quero que me axudedes! Unha bruxa malvada, encadeume a pedra, coa súa variña máxica.*

Sofía e os seus amigos, buscaron pola cova. Había libros, vasoiras, espellos... mais non aparecía a chave.

Un deles sentouse nunha pedra, e atopou a chave debaixo dela.

Foron todos correndo e abriron o cadeado. Por fin o dragón estaba libre. Agradecido cos nenos, díxolles que se o necesitaban para algo, que o chamasen, que sempre lles axudaría... e para comezar levaríaos a dar unha volta polo ceo, xa que necesitaba estirar as súas patas e as ás.



Miguel Pallas (3 anos)

Dolores Rama (nai)

## TRASNADAS DO TRASNO

Naquela illa perdida no medio dos sete mares vivía o xigante máis feo e noxento que te podes imaxinar.

Alí construíra un Castelo coas pedras que atopou polas praias da illa. O Castelo era tan fermoso e perfecto que semellaba ser sacado dun conto de raíñas.

Na outra punta da illa vivía o trasno da cova, ao que lle entrara a teíma de cambiar de fogar porque a súa cove era moi fría; tiña envexa de vivir no castelo do xigante.

Quería argallar un plan para botar fóra do Castelo a aquel xigante, ero non sabía cómo facelo.

Pensou que lendo moitos libros atoparía a solución...e así foi: "Nos castelos dos xigantes non hai espellos", dicía así a última folla do cuarto libro que lera.

E o trasno púxose mans á obra: mentres que o xigante durmía un sono despois de xantar, quítoulle a chave que levaba colgad do pescozo. Abríu a porta do castelo e colgou un espello xusto na pared da entrada principal.

Cando o xigante despertou do sono, entrou no castelo e viu semellante animal tan feo e noxento naquel espello, que se botou a correr polo mundo adiante ata os días de hoxe.

Dende aquel día o trasno sempre tivo un libro á man para poder ler e atopar as solucións aos problemas que lle poidan xurdír.



Helena Pena (1º de Primaria)

Belén Fraga (nai)



# UNHA VIAXE MOI ESPECIAL

En outubro do ano 2015 meus primos, miña nai, miña irmá e mais eu fomos de viaxe a Tenerife. Eu estaba emocionadísima, xa que era a miña primeira viaxe a unha illa. Cando subimos ao avión, puxémosnos a pensar en todo o que íamos facer e oben que o íamos pasar. A viaxe pasou rápida e ao chegar a Tenerife xa era noite. Cando baixamos do avión tivemos que sacar as chaquetas que levabamos postas: facía moitísima calor! Chegamos de madrugada ao hotel e fomos directamente ás nosas habitacións. Estabamos cansos.

Ao día seguinte, fomos almorzar ao restaurante do hotel. Había moiros estranxeiros, case todos ingleses. Despois, dirixímonos á piscina. Nela había unha muller que daba clases de ximnasia na auga. Foi moi divertido. Pola tarde, fomos á praia. A area estaba ardendo e era case imposible camiñar sobre ela.

Un día despois, fomos ao Siam Park, un dos mellores parques acuáticos do mundo. Ten moitas atraccións: unha piscina de olas xigantes, un río para ir con flotadores, un tobogán altísimo polo que pasas por unha piscina con tiburóns, zonas infantís... Eu subín en moitas delas, pero non en todas, xa que en algunhas non podía pasar pola altura.

O penúltimo día, fomos ao Loro Parque, un zoolóxico con moitos animais e onde se podía disfrutar de espectáculos con golfinos, orcas... E non nos dou tempo a visitar todo o zoo debido a que era moi grande. Ese mesmo día fomos ao Teide, pero non subimos porque estaba pechado.

Cando chegou o último día ningún de nós quería marchar daquel paraíso.

Sen dúbida, foi a mellor viaxe á que puiden ir!!

Antía Martínez Regueiro 4º  
Corina Regueiro Fraga




## 5º e 6º de Primaria

### Teño un lapis máxico

Ola son Claudia e o pasado 4 de xaneiro de 2017 regaláronme unha cousa moi especial, un lapis, si, xa sei que éa moi sinxelo, pero este lapis ten unha historia moi peculiar: Un día antes de comezar os debates decanteime de que sen querer deixara o estoro na escola e na casa só tiña un lapis. Ese lapis regaláranme miña tía polo meu aniversario e parecía un lapis normal e corrente coma os que venden en calquera papelería, dispuxenme a afialo e cando vin que tiña a punta puntiaguda empecei a escribir. De repente ao lapis pasolle unha cousa extraña moi moi extraña, pola punta botaba brillo! Soltei o lapis no chan e levanteime dun salto, o lapis seguía botando brillo moito brillo ata que... comezou a voar! quedei con boca aberta e non me podía crer, e pensei: "Por iso a tía dicitia que era un lapis moi especial!" Seguí mirando cara o lapis e intentei collelo ata que berrei: "Baixa para aquí dunha vez!" O lapis sorprendentemente baixou ata a libreta e empezou a escribir unha cousa que dicitia: "Que pon o enunciado dese exercicio?" Eu, quedei abraiada e lín o enunciado en alto, o lapis comezou a escribir a resposta e, ¡balle perfecta! O mellor de todo é que escribe coa miña letra, igualiza! Esta é a historia do lapis co que desde agora escribo todo. Non lle contei nada do que vos contei a vós a meus pais así que... Shhh!

### Claudia e David




Claudia Castro (6º Primaria)

David Castro (pai)

# Viaxe a Barcelona e Salou

Do 5 ao 9 de Xuño, os nenos de 4º, 5º e 6º fomos de excursión a Barcelona e a Salou. Mira que vimos cousas! Vimos a Sagrada Familia de Gaudí, pasamos polo Camp Nou, Port Aventura, Tarragona... Iso si que foron unhas vacacións!











# Actividades Deportivas

## Xoves Olímpicos

Unha vez máis repetimos a experiencia dos Xoves Olímpicos (enmarcados dentro do Plan Proxecta), xa que ademáis de divertidos, consideramos que é unha actividade da que podemos sacar moitísimos beneficios. Lembraide que tedes máis fotos e videos no blog que crearon os alumnos de 6º curso. (<http://juevesolimpicos.blogspot.com.es/>)

Durante todos os xoves do curso e de 1º a 6º, realizamos uns xogos por equipos de tal xeito que cada equipo contiña, aló menos, un rapaz/a de cada curso máis un mestre/a ou conserxe. O sistema de competición foi de LIGA (todos contra todos).

Aínda que fixemos unha competición por trimestre, a continuación, deixámosvos o resultado do 2º Trimestre, coma exemplo:



CLASIFICACIÓN FINAL- JJOO-2º TRIMESTRE				
TOTAL PUNTOS	TANTOS A FAVOR	CONCELLOS		FINAL
26	960	ORDES		1º
26	825	CULLEREDO		2º
25	906	LARACHA		3º
24	853	CARBALLO		4º
18	888	TRAZO		5º
18	870	CARRAL		6º
18	857	CERCEDA		7º
18	841	TORDOIA		8º





# Torneo de Bádminton por parellas



## Liga de Xadrez 2017

Este curso fixemos de novo a liga de Xadrez no 1º e 2º Trimestres. Os mestres Francisco e Pepe volveron ser os expertos que nesta actividade dirixiron aos nosos grandes axedrecistas.



**L  
I  
G  
A  
O  
U  
T  
O  
N  
O**

**1-00-11**  
**00-11-11**



# Soluciones dos Pasatempos

## **2º DE PRIMARIA**

### **Solución xeroglíficos:**

Nome de nena: Cristiana – (menos) a primeira A = Cristina

Nome de nena: Diana – (menos) DI = ANA

Nome de neno: Marco + S = Marcos

Nome de neno: Anxo

Nome de neno: MAR+IO = Mario

Nome de nena: B+ LENTO – (menos) TO = Belén

Nome de nena. TA + MAR + A = Tamara


## **5º DE PRIMARIA**

### **ENCRUCILLADO**


HORIZONTAL: 2. Anfiteatro / 4. Corcovado / 5. Machu Picchu / 6. Kukulcán / 7. Xordania

VERTICAL: 1. Gran Muralla China / 3. Agra

### **LABIRINTO**



### **AS 8 DIFERENZAS**



# Ata o vindeiro ano





**Equipo  
de Dinamización  
da Lingua Galega**

Equipo  
de Dinamización  
da Lingua Galega

---

**LETRAS GALEGAS**